

1. As inscricións para a carreira deben realizarse on-line, na páxina www.cronotec.es, antes das 00.00 horas do 25 de setembro de 2013.

2. Os dorsais deberán ser colocados no peito para a súa identificación durante a proba e a chegada.

3. O dorsal recollerase o día da proba no Pavillón de Deportes Náuticos, no horario sinalado para tal efecto: a partir das 09.00 horas e ata media hora antes da saída.

4. Ao longo dos percorridos a organización establecerá os controis que estime oportunos. Estes controis poderán ser fixos ou móbiles, estando autorizados para descalificar aos participantes que cometan algunha irregularidade ou atenten contra a seguridade colectiva durante a proba.

6. O dorsal deberá ser devolto antes de saír da zona acoutada detrás da liña de meta. A organización colocará un posto para que se efectúe esta devolución.

6. A organización non se fai responsable dos danos físicos ou morais que puideran sufrir os participantes, antes, durante ou despois da carreira.

7. O descoñecemento deste regulamento non exime do seu cumprimento.

XV CARREIRA POPULAR FESTA DO MARISCO

FAI A TUA INSCRICIÓN EN:
www.cronotec.es

29/09/2013
**PASEO MARÍTIMO
BEIRAMAR**



PATROCINA

O Grove



ORGANIZA

O Grove



COLABORAN

• MARISCOS JACOBO
• AMEGROVE
• REMAGRO

• ACUARIO DE O GROVE
• HOTEL LOUXO LA TOJA

• GRAN HOTEL LA TOJA
• LAGAR DE PINTOS

XV CARREIRA POPULAR FESTA DO MARISCO

- **Organiza:** Concellería de Deportes e ADM (Asoc. de Deporte Meco).
- **Patrocinan:** Concellerías de Turismo e Deportes. Festa do Marisco.
- **Data de celebración:** Domingo 29 de setembro de 2013.
- **Hora de comezo:** Ás 10.30 horas sairán as categorías inferiores.
- **Saída da proba:** Paseo Marítimo de Beiramar (a saída está situada ao lado da estación de autobuses).
- **Inscripcións:** Para todas as categorías, as inscricións realizaranse a través da páxina web www.cronotec.es indicando nome e apelidos, data de nacemento, teléfono, dirección e clube (ou lugar de procedencia) antes do venres 25/09/2013, ás 00:00 horas.
- **Entrega de dorsais:** O día da carreira, a partir das 9.00 horas no Pavillón de Deportes Náuticos (ata media hora antes da saída).
- **Características do circuíto:** Ao igual que o ano anterior, o percorrido é mixto, xa que comeza sobre asfalto, continúa por terra (polo Monte Central da Toxa) e remata sobre asfalto novamente. Haberá servizo de duchas no Pavillón de Deportes Náuticos ao finalizar a carreira.



* DISTANCIAS E CATEGORÍAS

CATEGORIA	IDADE	LONGITUDE
Prebenxamín	Ata os 5 anos	250 mts.
Benxamín	de 6 a 8 anos	500 mts.
Alevín	de 9 a 10 anos	1.000 mts.
Infantil	de 11 a 12 anos	1.000 mts.
Cadete	de 13 a 14 anos	1.500 mts.
Xuvenil	de 15 a 16 anos	1.500 mts.
Junior	de 17 a 19 anos	6.200 mts.
Sénior	de 20 a 34 anos	6.200 mts.
Veterano A	de 35 a 44 anos	6.200 mts.
Veterano B	de 45 a 54 anos	6.200 mts.
Veterano C	de 55 anos en diante	6.200 mts.

* distancias aproximadas

PREMIOS

- Recibirán trofeo os tres primeiros clasificados de cada categoría, desde infantil ata veterano. Nas categorías prebenxamín, benxamín e alevín recibirán medallas **todos os participantes** que poderán visitar o Acuario sempre que vaian acompañados dun maior.
- Poderase solicitar o DNI para o cobro dos premios monetarios.
 - 1º: 250 € e dúas noites para dúas persoas nos hoteis "Louxo" e "Gran Hotel La Toja".
 - 2º: 200 € e patela de mariscos de "Mariscos Jacobo".
 - 3º: 100 € e patela de mariscos de "Remagro S.A.".
 - 4º: 75 € e vale de produtos na "Festa do Marisco".
 - 5º: 50 € e visita ao Acuario
- 10 kgs. de mexillón de "Amegrove" e un estoxo de viño Albariño "Adegas Lagar de Pintos" para os tres primeiros clasificados absolutos.
- Os tres primeiros e as tres primeiras atletas locais recibirán un trofeo. De entre estes, o primeiro e a primeira recibirán un bono para visitar o Acuario e un bono de consumición para a "Festa do Marisco".
- Trofeo ao 1º e 1ª atleta portugués/a, que tamén recibirá un bono consumición na Festa do Marisco. O/a atleta de maior idade levará tamén este mesmo premio.

